



ASUNTO: ASAMBLEA DO COMITÉ EN PROFESIONAIS-A CORUÑA.

MOTIVO: Coñecidos os resultados do estudo Psicosocial e comentado o asunto con algúns compañeiros do Centro que confirman a situación de presión a que están sometidos os/as traballadores/as, a CIG decide presentar na Permanente do Comité de Empresa do pasado venres, 20 de maio, a proposta de realizar Asambleas do Comité. Esta proposta é aprobada por todos os sindicatos presentes. O día acordado entre todos é o venres 27 de maio. O horario será:

--8:30 H.

--9:30 H.

--13:45 H.

OBXECTIVO: Para CIG o obxectivo destas asambleas é poñer en común cos traballadores/as de Profesionais,

- 1º) A problemática existente.
- 2º) Elaborar unha táboa reivindicativa.
- 3º) Valorar a información que se teña doutros centros (Barcelona, Madrid, etc.)
- 4º) Decidir entre todos si se toma algunha medida, coincidente ou non coas que poidan tomar o resto de traballadores de Profesionais.
- 5º) Conseguir mellorar na práctica e de forma permanente as condicións de traballo neste Centro para que non causen os trastornos de saúde e de conciliación da vida familiar que veñen ocasionando.

A CIG convidavos a todos a participar activamente nas Asambleas, dando a vosa opinión e participando das decisións que se tomen.

Sección Sindical CIG Telefónica
A Coruña, 25 de maio de 2005